

Colección

CONTOS DE SEMPRE

(Tradición oral)

A MANTEIGA



A. C. AIRA DAS MANTAS
MACEDA DE LIMIA
OURENSE



Recollido por
Luis Del Campo Prol
e
ilustrado por
Louro



abía un tempo no que a luz do candil xogaba ás escondidas co vento que aparecía asubindo baixo as lousas, que escorrentaban a choiva por riba dos faiados, nas longas noites de inverno para escoitar os vellos contos ó pé das lareiras.

Era Xan, o noso protagonista, un mozo orfo de pai, groso, de grande sorriso, que a súa nai sacara adiante mal e como puido, pois só tiña por facenda unha vaca que pacía polos camiños a meirande parte do tempo e, tamén, nas carqueixas do comunal do pobo, e mais un becerro, se é que se lle podía chamar así ó pobre, xunto cunha pequena cortiña á beira da casa na que sementaba tentiñas patacas e un pouco de horta.

Vivían, nun pequeno pobo -mais ben aldea- na corga da Serra.

María, que así se chamaba a nai, nunca volveu casar e cada día caía nun mesmo pensamento:

- *Oh meu Deus, que vai ser deste meu fillo cando eu falte?*
- *Xaaaannnnnn, XAAAANNNN éeeeeergue-teeeeeeee!*
- *Xaaaaaaaaa vouuuuuuuuu!*

Xan era un mozo preguiceiro, bo de corazón e algo miñaxoia.



Un día, cedo, en que a nai xa lle preparara o almorzo e mentres Xan daba boa conta del, explicáballe o que quería que lle fixera:

- Mira Xan, hoxe é a feira do 20 de maio en Maceda e coido que tén que haber boa feira; entón, vas levar o becerro a ver se o dás vendido. E non pidas menos de 30.000 reás. De paso, cando voltes, paras onde o Sr. Prudencio e que che dea unha libra de manteiga.

O becerro pouco máis tiña ca ósos e pelica e cuns cornos que xa máis semellaban de xatol; pero, que máis ía ter o pobre do becerro co pouco que tiña para lle dar de comer aquela mulleriña? A vaca pouco leite e de pacer pouco tiña para engrosala no inverno.

Nisto, arranca o Xan polo camiño dos Carboeiros cara á feira de Maceda. Mais cando chega á feira, os tratantes rínselle do becerro, chegando a ofrecerlle por el, uns 5.000 réas o que máis, polo que Xan non vende o becerro e cara ó mediodía



colle o becerro e tira cara á casa.

- "*E non te esquezas da manteiga!*", pensaba Xan, á vez que o dicía en alto para así non se esquecer.

Xa de regreso á casa, cando chegou a Foncuberta, parou na tenda do Sr Prudencio e atou o becerro na argola da parede.

Entrou, saudou ó tendeiro e mercou, ó fiado, a



libra da manteiga que lle encargara a súa nai.

O sol do mediodía, a verdade é que aplanaba!

Xan suaba e mentres, cunha man, turraba polo becerro que xa non quería andar, coa outra suxeitaba a manteiga; pero o mozo non vía a hora de



chegar á casa!

- *"E, se poño a manteiga na cabeza non me dá o sol", maquinaba.*

E así o fixo: polo que mentres Xan camiñaba... a manteiga ía derreténdose pola súa cachola embaixo!

- *"Que boas están as miñas suores", dicía Xan, para si, relaméndose.*

Chegou á casa, prendeu o becerro e puxo a manteiga por riba da artesa.

- *Xaaaaaaaaannnnnnnnn, vendiches o becerro?*

- *Só me ofreceron 5.000 réas, así que o trouxen de volta.*

- *E a manteinga, onde a deixaches?*

- *Deixeina enriba da artesa, nai.*

- *Pero isto que é? Aiiiiii, mimadriña, xa o sabía eu! Este meu fillo é parvo, non fai cousa que sirva! Para outra vez vés mollando o meu encargo de fonte en fonte, pailán!*

E, mentres tanto a súa nai berraba, Xan corría cara á porta fuxindo da vasoira da María.

Logo, unha vez pasado o tempo, aló polo mes de agosto, a nai volveu mandalo á feira de Maceda para tentar vender, por fin, o becerro.

Nestas, púxose a detallarlle, polo miúdo, o que

debía facer:

- *Sairás cediño e así, seguramente, terás máis apetecidos e no caso de non o dar vendido polos 30.000 réas, mira de vendelo o mellor posible!*
- *Ah! E lémbtrate de traer un quilo de azucre.*



Xan chegou cedo á Feira do 4 de agosto, a mellor feira do ano e, para máis inri, cadraba coas festas das Neves!

Aí cara ás 12 da mañá xa vendera o becerro por 22.000 réas, así que todo contento colleu camiño para a casa.

Parou na tenda para mercar o azucre que lle encargara a súa nai e, ó tempo aproveitou para lle pagar, tamén, a libra de manteiga que lle collera aló pola feira de maio.

Ía Xan contento e ó pasar pola fonte da Pena lembrou o comentario da nai *"...para outra vez, velo metendo de fonte en fonte!"*.

Polo que así o fixo!

En cada fonte puña o cartucho do azucre e o refresco debaixo da auga.

A nai xa o vira vir polo Conso, sen o becerro e contenta como unhas Pascuas, meteuse na cociña para lle preparar algo de xantar.

Entón entra Xan e saúda á súa nai:

- *Ola nai!*

- *Ola fillo! Por canto vendiches o becerro?*

- *Por 22.000 réas! E, descoida que xa lle paguei ó Sr Prudencio todo e trouxen o azucre (dixo, poñendo o que quedaba por riba da mesa).*

Foi entón cando a María se decatou do feito

polo seu fillo e, nin curta nin preguiceira, sacou de alpargata, que se colle ó Xan dalle unha tunda que non se senta nunha longa tempada.

- "MIRA QUE MOLLAR O AZUCRE. PAILÁN, QUE ES UN PAILÁN!"



Outros títulos editados da Colección:

“A CEGOÑA E A RAPOSA” (2009)

“O CANE E A RAPOSA” (2010)

“O GALO DA DERENA” (2011)

“GRAN DE MILLO” (2012)

“A FABA” (2013)

Letras Galegas
2015

Ao longo dos anos se foron transmitindo estes contos ao tempo que localizando nos lugares onde se contaban e, con pequenas variantes, se atopan espallados por terras galegas e portuguesas.

Estes contos son unha parte da nosa tradición oral, herdanza dos nosos devanceiros, e para que non se perdan, na Asociación Cultural Aira das Mantas, queremos dalos a coñecer aos nosos nenos e nenas para que uns e mais outras, nun futuro, se convertan en transmisores daqueles.

